



INSTRUCCIÓN DE 21 DE XULLO DE 2015 PARA A APLICACIÓN DOS COMPLEMENTOS DE INCAPACIDADE TEMPORAL DEBIDA A CONTINXENCIAS PROFESIONAIS E COMÚNS, E NAS SITUACIÓNS DE MATERNIDADE, PATERNIDADE, RISCO DURANTE O EMBARAZO E RISCO DURANTE A LACTACIÓN NATURAL, PARA ADAPTALAS Á LEI 2/2015, DO 29 DE ABRIL, DE EMPREGO PÚBLICO DE GALICIA.

Na Comunidade Autónoma de Galicia existen no ámbito da función Pública autonómica unhas instrucións, as de 7 de maio de 2012, que establecen os criterios e principios para a aplicación dos complementos de incapacidade temporal debida a continxencias profesionais e comúns, e nas situacións de maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural, que estableceron un marco común na aplicación dos mesmos.

Ademais, hai que ter en conta que a Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, contén no seu artigo 2, co título de incapacidade temporal a regulación para proceder ao aboamento do complemento por incapacidade temporal, establecendo unha serie de regras, para o pago do mesmo e cunha variedade de supostos que requiren que se diten normas aclaratorias para a aplicación do mencionado artigo 2.

A Lei de emprego público de Galicia 2/2015, do 29 de abril (DOG do 4 de maio de 2015), modificou o concepto de enfermidade grave así como o complemento das prestacións por incapacidade temporal que corresponden ao persoal funcionario e que se atope acollido ao réxime xeral da Seguridade Social, polo que é necesario proceder a modificar as instrucións de 7 de maio de 2012 para adaptalas a dita lei.

Así a Disposición Adicional Primeira da Lei 2/2015, de 29 de abril, establece:



e) Enfermidades graves, as enunciadas no anexo do Real decreto 1148/2011, do 29 de xullo, para a aplicación e desenvolvemento, no sistema da Seguridade Social, da prestación económica por coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave, ou norma que o substitúa.

Así mesmo o artigo 146 da citada Lei, establece:

3. As administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei complementarán as prestacións por incapacidade temporal que correspondan ao persoal funcionario ao seu servizo que se encontre acollido ao réxime xeral da Seguridade Social consonte as seguintes regras:

a) Nos casos de continxencias profesionais e continxencias comúns que xeren hospitalización ou intervención cirúrxica, así como nos de enfermidade grave, aboarase un complemento ata alcanzar o cen por cento das retribucións desde a data de inicio da situación de incapacidade temporal.

b) Nos casos de enfermidade común non grave ou accidente non laboral, o complemento calcularase do seguinte xeito:

- Desde o primeiro día da situación de incapacidade temporal ata o terceiro día inclusive aboarase un complemento ata alcanzar o cincuenta por cento das retribucións.

- Desde o cuarto día da situación de incapacidade temporal ata o vixésimo día inclusive aboarase un complemento ata alcanzar o setenta e cinco por cento das retribucións.

- A partir do día vixésimo primeiro aboarase un complemento ata alcanzar o cen por cento das retribucións.



4. Co fin de facer efectiva a garantía de plenitude de dereitos económicos do persoal funcionario prevista na alínea b) do artigo 125 para os casos de permisos por motivos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e no punto terceiro do artigo 126 para os casos de licenza por risco no embarazo ou durante o período de lactación natural, as administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei complementarán ata o cen por cento da base reguladora do subsidio económico correspondente, recoñecéndoo aínda que o persoal funcionario non reúna os requisitos para acceder a el.

Polo exposto, e co fin de unificar os criterios de actuación dos distintos órganos da Administración da Comunidade Autónoma competentes para a tramitación das nóminas ao persoal dependente deles, estímase necesario ditar unhas novas instrucións que establezan os criterios para a aplicación da nova regulación e normas de tramitación.

De acordo co exposto, esta Dirección Xeral, no uso das facultades conferidas polo Decreto 101/2014, do 1 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e a Orde da Consellería de Facenda de 8 de xullo de 2013 sobre delegación de competencias na Dirección Xeral da Función Pública, oída a Comisión de Persoal na sesión celebrada o día 4 de agosto de 2015,

DISPÓN

Primeiro. Ámbito de aplicación e definicións.

Estas instrucións establecen a regulación dos complementos de Incapacidade Temporal debida a continxencias profesionais e comúns, e nas situacións de maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural.



Serán de aplicación aos empregados públicos pertencentes a corpos, escalas e categorías adscritos á Consellería competente en materia de función pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a todo o persoal das entidades públicas instrumentais dependentes da Administración Xeral ou doutras entidades públicas instrumentais da comunidade Autónoma de Galicia.

Aos efectos destas instrucións, enténdese por retribucións as que percibe o persoal no posto de traballo que desempeña no momento de ser declarado na situación de incapacidade temporal, aboándose con cargo aos mesmos conceptos orzamentarios polos que as viña percibindo.

Aos efectos destas instrucións, a recaída será unha continuación da incapacidade temporal da que procede, aplicándosele o mesmo réxime que á incapacidade de orixe da que derive.

Segundo. Complemento por incapacidade temporal ata o 100% das retribucións.

1) Aboarase un complemento económico ata o 100% das retribucións nos supostos de incapacidade temporal orixinados por:

a) Hospitalización. Para iso o traballador deberá presentar xustificante de hospitalización que acredite que a mesma coincide no tempo co período de incapacidade temporal. Se esta última se produce unha vez iniciada a baixa, e ten a súa mesma causa, o xustificante aportarase co parte de confirmación que corresponda no tempo co inicio da devandita hospitalización. Neste caso regularizase o aboamento do complemento, para que a persoa empregada perciba o 100% das retribucións desde o primeiro día da baixa.

Terán a consideración de hospitalización, aos efectos do aboamento do 100% das retribucións, a hospitalización a domicilio, e a estancia nos



hospitais de día incluíndo os períodos de observación nos Servizos de Urgencias Hospitalarias superiores a 7 horas. Este extremo deberá ser acreditado polo profesional mediante o xustificante que corresponda.

- b) Intervención cirúrxica. Para iso o traballador deberá presentar xustificante médico da devandita intervención cirúrxica e acreditar que a baixa ten a mesma causa que a intervención sen que sexa necesario especificar a concreta actuación médica practicada. Se a intervención médica cirúrxica se produce unha vez iniciada a baixa, o xustificante aportarase co parte de confirmación que corresponda no tempo co inicio de dita intervención. Neste caso regularizase o aboamento do complemento, para que a persoa empregada perciba o 100% das retribucións desde o primeiro día da baixa.

Terán a consideración de intervencións cirúrxicas, aos efectos do aboamento do 100% das retribucións e sempre que se atopen incluídas na carteira de servizos do sistema sanitario público, as intervencións cirúrxicas con internamento, as intervencións de cirurxía maior ambulatoria e de cirurxía menor ambulatoria, as intervencións médicas invasivas como biopsias, colonoscopias, gastroscopias e outras de características similares, así como os tratamentos oncolóxicos.

- c) Incapacidade temporal derivada do embarazo. Para iso deberá presentarse, xunto co parte de baixa, un informe médico que acredite que a enfermidade é consecuencia directa do embarazo ou que se deriva do mesmo, sen prexuízo do previsto no 3 b) da presente instrución.
- d) Enfermidade grave. Enténdese por enfermidade grave as enunciadas no anexo do Real decreto 1148/2011, do 29 de xullo, ou outra enfermidade grave, ou norma que a substitúa, ou cando así o determine o informe médico clasificando unha enfermidade como grave de acordo co disposto no citado Real Decreto. (A relación de enfermidades graves figura como anexo á presente instrución).



2) A falta de presentación do xustificante que corresponda (de hospitalización, intervención cirúrxica ou incapacidade temporal derivado do embarazo) implicará que a incapacidade temporal se tramitará conforme ao disposto no apartado terceiro.

3) Ademais aboarase un complemento económico ata o 100% das retribucións nos supostos seguintes:

a) Nos permisos por parto, adopción, acollemento e paternidade. Nestes supostos, durante todo o período que comprenda o permiso aboaranse á persoa empregada os complementos necesarios para percibir o 100% das retribucións.

b) Supostos de risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural. Nestes supostos durante todo o período de suspensión do traballo por calquera de ambos riscos aboaranse á persoa empregada os complementos necesarios para percibir o 100% das retribucións.

Terceiro.- Complemento por incapacidade temporal por enfermidade común ou accidente non laboral.

Nos supostos de incapacidade temporal por enfermidade común ou accidente non laboral nos que non haxa hospitalización, intervención cirúrxica ou Incapacidade temporal derivada de embarazo, o complemento calcularase segundo as seguintes regras:

a) Desde o primeiro día da situación de incapacidade temporal ata o terceiro día inclusive, aboarase un complemento ata alcanzar o 50% das retribucións.

b) Desde o cuarto día da situación de incapacidade temporal ata o vixésimo día inclusive, aboarase un complemento ata alcanzar o 75%



das retribucións.

- c) A partir do día vixésimo primeiro aboarase un complemento ata alcanzar o 100% das retribucións.

A recaída, cando así o estableza a inspección de saúde laboral, será unha continuación da incapacidade temporal da que procede, tanto aos efectos do sinalado no apartado a) como do número de días de duración da mesma a efectos de aplicar as porcentaxes de retribucións.

Cuarto. Incapacidade temporal por continxencias profesionais.

O persoal incluído no ámbito de aplicación destas instrucións, no suposto de incapacidade temporal por continxencias profesionais que lle impida o normal desenvolvemento das súas funcións, terá dereito á licenza por enfermidade ou accidente ata a alta médica correspondente, sempre que este extremo veña avalado por parte de baixa nos servizos de asistencia sanitaria; aboárase un complemento ata alcanzar o 100% das retribucións dende a data de inicio da situación de incapacidade temporal ata a data de finalización.

Quinto.-Presentación dos partes de baixa, confirmación e alta.

Sen prexuízo da obriga de comunicar inmediatamente a ausencia, a persoa empregada deberá entregar o primer exemplar de parte médico de baixa destinado á empresa no prazo de tres días contados a partir do día da expedición. Dito exemplar deberá ser dirixido ao órgano correspondente que se determine en cada centro de traballo/unidade.

A persoa empregada deberá entregar os exemplares dos partes médicos de confirmación da baixa destinados á Administración, en idéntico prazo de tres días desde o día da expedición de cada un deles.



Sen prexuízo da comunicación inmediata da súa reincorporación, a persoa empregada deberá entregar o exemplar do parte de alta destinado á empresa dentro das vinte e catro horas seguintes á súa expedición.

Sexto.- Ausencias por enfermidade sen baixa médica.

Sen prexuízo da obriga de comunicar inmediatamente a ausencia, nos casos de horarios especiais, traballo a quendas, e outras circunstancias valorables polo órgano competente en materia de persoal, esixirase a xustificación médica dende o momento no que se produza a ausencia.

No caso de que estas ausencias non sexan xustificadas, procederase a efectuar o correspondente desconto de retribucións, previa comunicación ao empregado público.

Sétimo.- Carácter informador dos criterios e principios destas instrucións.

As instrucións que para a aplicación dos complementos da incapacidade temporal debida a continxencias profesionais e comúns, e nas situacións de maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural, poidan ditar os órganos que teñan atribuídas competencias en materia de persoal deberán respectar en todo caso os criterios xerais destas instrucións.

Oitavo. Aplicación as entidades do sector público autonómico non incluídos no disposto no apartado primeiro.

As entidades do sector público autonómico non incluídas no ámbito de aplicación disposto no apartado primeiro aplicarán o disposto nestas instrucións, mentres non diten, de ser o caso, as súas propias, que deberán respectar en todo caso os criterios xerais destas instrucións.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral da Función Pública

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981545224 Fax: 981545225

galicia

Noveno. Entrada en vigor

Estas instrucións entrarán en vigor o día da súa publicación na páxina web da
Dirección Xeral da Función Pública

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2015

O director xeral da Función Pública,



José María Barreiro Díaz



ANEXO

Listado de enfermidades graves

I. Oncoloxía:

1. Leucemia linfoblástica aguda.
2. Leucemia aguda non linfoblástica.
3. Linfoma no Hodgkin.
4. Enfermedad de Hodgkin.
5. Tumores do Sistema Nervioso Central.
6. Retinoblastomas.
7. Tumores renais.
8. Tumores hepáticos.
9. Tumores óseos.
10. Sarcomas de texidos blandos.
11. Tumores de células xerminais.
12. Outras neoplasias graves.

II. Hematoloxía:

13. Aplasia medular grave (constitucional o adquirida).
14. Neutropenias constitucionais graves.
15. Hemoglobinopatías constitucionais graves.

III. Erros innatos do metabolismo:

16. Desordes de aminoácidos (fenilcetonuria, tirosinemia, enfermidade da orina con olor a xarabe de arce, homocistinuria e outros desórdenes graves).
17. Desordes do ciclo de la urea (OTC).
18. Desordes dos ácidos orgánicos.
19. Desordes de carbohidratos (glucogenosis, galactosemia, intolerancia hereditaria á fructosa e outros desordes graves).
20. Alteracións glicosilación proteica.
21. Enfermidades lisosomiais (mucopolisacaridosis, oligosacaridosis, esfingolipidosis e outras enfermidades graves).
22. Enfermidades dos peroxisomas (Síndrome de Zellweger, condrodisplasia



punctata, adenoleucodistrofia ligada a X, enfermidade de Refsum e outros desordes graves).

23. Enfermidades mitocondriais: por defecto de oxidación dos ácidos grasos e de transporte de carnitina, por alteración do DNA mitocondrial, por mutación do DNA nuclear.

IV. Alerxia e inmunoloxía:

24. Alerxias alimentarias graves sometidas a indución de tolerancia oral.

25. Asma bronquial grave.

26. Inmunodeficiencias primarias por defecto de produción de anticorpos.

27. Inmunodeficiencias primarias por defecto de linfocitos T.

28. Inmunodeficiencias por defecto de fagocitos.

29. Outras inmunodeficiencias:

a. Síndrome de Wiscott-Aldrich.

b. Defectos de reparación do ADN (Ataxia-telangiectasia).

c. Síndrome de Di George.

d. Síndrome de HiperIgE.

e. Síndrome de IPEX.

f. Outras inmunodeficiencias ben definidas.

30. Síndromes de disregulación inmune e linfoproliferación.

V. Psiquiatría:

31. Trastornos da conduta alimentaria.

32. Trastorno de conduta grave.

33. Trastorno depresivo maior.

34. Trastorno psicótico.

35. Trastorno esquizoafectivo.

VI. Neuroloxía:

36. Malformacións conxénitas do Sistema Nervioso Central.

37. Traumatismo craneoencefálico severo.

38. Lesión medular severa.



39. Epilepsias:

- a. Síndrome de West.
- b. Síndrome de Dravet.
- c. Síndrome de Lennox-Gastaut.
- d. Epilepsia secundaria a malformación ou lesión cerebral.
- e. Síndrome de Rasmussen.
- f. Encefalopatías epilépticas.
- g. Epilepsia secundaria a enfermidades metabólicas.
- h. Outras epilepsias ben definidas.

40. Enfermidades autoinmunes:

- a. Esclerose múltiple.
- b. Encefalomiелitis aguda diseminada.
- c. Guillain-Barré.
- d. Polineuropatía crónica desmielinizante.
- e. Encefalitis límbica.
- f. Outras enfermidades autoinmunes ben definidas.

41. Enfermidades neuromusculares:

- a. Atrofia muscular espinal infantil.
- b. Enfermidade de Duchenne.
- c. Outras enfermidades neurosmusculares ben definidas.

42. Infeccións e parasitoses do Sistema Nervioso Central (meningitis, encefalitis, parásitos e outras infeccións).

43. Accidente cerebrovascular.

44. Parálise cerebral infantil.

45. Narcolepsia-cataplejia.

VII. Cardiología:

46. Cardiopatías conxénitas con disfunción ventricular.

47. Cardiopatías conxénitas con hipertensión pulmonar.

48. Outras cardiopatías conxénitas graves.

49. Miocardiopatías con disfunción ventricular ou arritmias graves.

50. Cardiopatías con disfunción cardíaca e clase funcional III-IV.



51. Transplante cardíaco.

VIII. Aparato respiratorio:

52. Fibrosis quística.

53. Neumopatías intersticiais.

54. Displasia broncopulmonar.

55. Hipertensión pulmonar.

56. Bronquiectasias.

57. Enfermidades respiratorias de orixe inmunolóxico:

a. Proteínosis alveolar.

b. Hemosiderosis pulmonar.

c. Sarcoidosis.

d. Colagenopatías.

58. Transplante de pulmón.

59. Outras enfermidades respiratorias graves.

IX. Aparato dixestivo:

60. Resección intestinal ampla.

61. Síndrome de dismotilidade intestinal grave (Pseudo-obstrucción intestinal).

62. Diarreas conxénitas graves.

63. Transplante intestinal.

64. Hepatopatía grave.

65. Transplante hepático.

66. Outras enfermidades graves do aparello dixestivo.

X. Nefroloxía:

67. Enfermidade renal crónica terminal en tratamento substitutivo.

68. Transplante renal.

69. Enfermidade renal crónica no primeiro ano de vida.

70. Síndrome nefrótico do primeiro ano de vida.

71. Síndrome nefrótico corticorresistente e corticodependiente.

72. Tubulopatías de evolución grave.



- 73. Síndrome de Bartter.
- 74. Cistinosis.
- 75. Acidosis tubular renal.
- 76. Enfermidade de Dent.
- 77. Síndrome de Lowe.
- 78. Hipomagnesemia con hipercalciuria e nefrocalcinosis.
- 79. Malformacións nefrourolóxicas complexas.
- 80. Síndromes polimalformativos con afectación renal.
- 81. Vexiga neuróxena.
- 82. Defectos conxénitos do tubo neural.
- 83. Outras enfermidades nefrourolóxicas graves.

XI. Reumatoloxía:

- 84. Artritis idiopática xuvenil (AIJ).
- 85. Lupus eritematoso sistémico.
- 86. Dermatomiositis xuvenil.
- 87. Enfermidade mixta do tecido conectivo.
- 88. Esclerodermia sistémica.
- 89. Enfermidades autoinflamatorias (Fiebre Mediterránea Familiar, Amiloidosis e outras enfermidades autoinflamatorias graves).
- 90. Outras enfermidades reumatolóxicas graves.

XII. Ciruxía:

- 91. Ciruxía de cabeza e cuello: hidrocefalia/válvulas de derivación, mielomeningocele, craneostenosis, labio e paladar hendido, reconstrucción de deformidades craneofaciales complexas, etc.
- 92. Ciruxía do tórax: deformidades torácicas, hernia diafragmática conxénita, malformacións pulmonares, etc.
- 93. Ciruxía do aparello dixestivo: atresia esofáxica, ciruxía antirreflujo, defectos de pared abdominal, malformacións intestinais (atresia, vólvulo, duplicacións), obstrución intestinal, enterocolitis necrotizante, ciruxía da enfermidade inflamatoria intestinal, fallo intestinal, Hirschprung, malformacións anorrectales, atresia vías



biliares, hipertensión portal, etc.

94. Ciruxía nefro-urolóxica: malformacións renais e de vías urinarias.

95. Ciruxía do politraumatizado.

96. Ciruxía das queimaduras graves.

97. Ciruxía dos xemelos siameses.

98. Ciruxía ortopédica: ciruxía das displasias esqueléticas, escoliosis, displasia do desenvolvemento da cadeira, ciruxía da parálise cerebral, enfermidades neuromusculares e espina bífida, infeccións esqueléticas e outras ciruxías ortopédicas complexas.

99. Ciruxía doutros transplantes: válvulas cardíacas, transplantes óseos, transplantes múltiples de diferentes aparatos, etc.

XIII. Cuidados paliativos:

100. Cuidados paliativos en calquera paciente en fase final da súa enfermidade.

XIV. Neonatoloxía:

101. Grandes prematuros, nados antes das 32 semanas de xestación ou con un peso inferior a 1.500 gramos e prematuros que requiran ingresos prolongados por complicacións secundarias á prematuridade.

XV. Enfermidades infecciosas:

102. Infección por VIH.

103. Tuberculose.

104. Neumonías complicadas.

105. Osteomielitis e artritis sépticas.

106. Endocarditis.

107. Pielonefritis complicadas.

108. Sepsis.

XVI. Endocrinoloxía:

109. Diabetes Mellitus tipo I.

